



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA
EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE EMIGRANTES
RETORNADOS ULLA-UMIA (AERU) PARA O MANTEMENTO DUNHA
OFICINA DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO DIRIXIDA A
EMIGRANTES RETORNADOS.**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa a Asociación de Emigrantes Retornados Ulla-Umia (Aeru) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 30 de outubro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes do presente Convenio para articular o financiamento dos gastos de funcionamento dunha Oficina de Información da Asociación de Emigrantes Retornados Ulla-Umia (AERU).

A dita oficina ten como finalidade a realización de actividades de información e asesoramento á colectividade galega retornada á Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Asociación de Emigrantes Retornados Ulla-Umia (AERU), que ten a súa sede social en Caldas de Reis, é unha asociación sen ánimo de lucro de ámbito provincial que naceu no ano 2013 co obxectivo de dar resposta as demandas dos emigrantes retornados en relación cos problemas de tributación das pensións xeradas no estranxeiro, pero que,





dadas as dificultades e a problemática que esta asociación detectou neste colectivo no seu proceso de retorno e adaptación, comezou a prestar un servizo de orientación e asesoramento orientado a facilitar a súa integración social e cultural na sociedade galega. Esta entidade agrupa a un número importante de socios na comarca de Caldas de Reis, e se configura como un punto de referencia ao que cada día acoden as persoas retornadas reclamando os seus servizos, polo que, dentro desta liña de atención ao retornado, está a desenvolver unha importante labor social a favor dos emigrantes galegos retornados e dos seus descendentes

A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrência pública.

O interese público de colaboración no desenvolvemento da presente actuación radica na pretensión de ofrecer aos emigrantes retornados á Comunidade Autónoma a maior cobertura posible no seu proceso de retorno e adaptación á sociedade galega.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela a 8 de xullo de 2016.





XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral da Emigración

Basquiños, 2
15704 Santiago de Compostela
Teléfono 981 545 878. Fax 981 547 296
<http://emigracion.xunta.es>

galicia

